SOCIEDAD DE MONTAÑA
ARTABROS
DESDE 1974

COÑECE E CAMIÑA

CARBALLEIRAS DE BAIO. ZAS (A Coruña)
XANTAR FIN DE TEMPADA
DOMINGO 17 DE DECEMBRO DE 2023

PRESENTACIÓN

Iste ano por primeira vez decidimos facer a derradeira ruta do ano xuntos. Son varias a varias as razóns para facelo, pero a principal é lembrar que Coñece e Camiña e Veteranos Activos, son actividades dá sección de Excursionismo e Sendeirismo de Ártabros. Están organizadas polo mesmo equipo de guías, e teñen o mesmo fin de camiñar pola montaña.

O Coñece e Camiña levámolo facendo dende o ano 1984. Máis de media vida percorrendo Galicia e disfrutando da montaña.

Veteranos Activos comezou no ano 2021, o mércores 19 de maio, en plena pandemia, cunha ruta polo Val de Esmelle-Ferrol. Participaron 9 senderistas.

Con ista xuntanza queremos facer fincapé, que non son actividades distintas. Nas duas camiñamos e coñecemos Galicia. O que as diferenza é o día que as facemos, a lonxitude e a dificultade técnica, que evidentemente non é a mesma en todas elas.

Na ruta de hoxe, ainda que a lonxitude non chega a 10 km, cando levemos unha hora, faremos dous grupos, con máis ou menos distancia e desnivel, para que poda vir calquer participante de Veteranos Activos.

A RUTA

Discorre polo concello de Zas e é parte dunha ruta máis grande(19 km) organizada polos "Foucellas". A ruta ten de 9,6 km, e aínda que e sinxela ten una subida (ata 338m) que lle porá o punto de dificultade.

Comezamos na localidade de Baio onde colleremos o paseo do río e camiñaremos ata a Carballeira que pasou a formar parte do catálogo de Árbores senlleiras este mesmo ano. Aínda que se descoñece con exactitude a data exacta da plantación, estímase que a maior parte dos carballos – Quercus robur L. – aquí presentes teñen uns 200 anos atendendo á súa morfoloxía e ás súas dimensións.

A Carballeira está formada por case 300 carballos que, nalgún caso, superan os 20 metros de altura. Os seus troncos forman interesantes imaxes que abren a imaxinación de quen os visita e isto débese, en boa parte, a que as árbores medraron de forma natural competindo entre si. Seguiremos a carón do río pasando por algún que outro salto de auga, pasarelas e muíños que son unha autentica marabilla ata chegar a estrada onde teremos que cruzar e coller xa o camiño que nos leva ao "Monte Castelo" e a o "Pico das Cabras".

Desde eiquí se o día o permite poderemos ver por un lado Muxía e polo outro as Sisargas. Tan solo nos queda baixar e achegarnos a parte traseira das "Torres do Allo" atravesando os seus Castiñeirais ata chegar a Fonte de San Ramón. Dende alí poderemos acceder a casa señorial cuxa orixe se remonta a finais do século XV ou principios do XVI, convertíndoo no que se considera o primeiro pazo de Galicia.

Temos pedida a visita de grupo polo que alí mesmo nos explicaran ó detalle as características da edificación e a importancia socio cultural das Torres.

O XANTAR

O finalizar a ruta e a visita, e como é tradición na ruta de Decembro, xantaremos todos xuntos sentados o redor dunha mesa, desta vez será na parrillada Soneira, en Zas. **O menú (cocido) son 25€ por persoa.**

O custo desta ruta:

Socios: 3€ + comida Nón socios: 5€ + comida

Para apuntarse hai: que anotarse na secretaría (presencial, mail ou telefonicamente) e pagar por adiantado.

IMPORTANTE: Data máxima para apuntarse a comida martes 12 de Decembro. Quen cause baixa despóis de esa data, non podrá recuperar os cartos da comida.

Avisar canto antes das alerxias ou intolerancias alimentarias.

Se algunha persoa non quere sentar a comer de plato pode traer coma sempre o bocadillo, e quedar no bar.

AS PRÓXIMAS RUTAS SON:

14 de Xaneiro. Campaña Coñece e Camiña. San Xurxo de Sacos-Cotobade (Pontevedra)

24 de Xaneiro. Campaña Veteranos Activos. Río Mercurín. Pola tarde, visita ao museo do traxe rexional. Día de feria.

VETERANOS ACTIVOS

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

O Casquiño
O Empalme
Furelos
Castelo do Allo
Monte de Telo
O Cotón
Castelo Pequeno
Regalados
Fonte de Telo
As Salgueiras
A Granxa
AC-430
VG-1.5
Corte das Cabras
As Rebeirugas
O Balongo
Costa do Castelo
Cotón de Casas Novas
Parroquia de O Allo (San Pedro)
Pazo Torres do Allo
O Pombal
Monte de Xerne
Casa do Monte
Casas Novas
Parroquia de Baio (Santa María)
Cemiterio Parroquial de Sta. María de Baio
Casa da Revolta
O Allo
Sancueiros
Pedra de Saramenta
AC-552
Os Muiños
A Cebola de Arriba
Xerne
O Mosqueiro
Rego de Fornelas
Baio Pequeno
A Cebola de Abaixo
Agreanas
O Regueiro
Cotón do Muiño
Baguineiros
O Camberin
Campo da Zapata
Os Petouquiños
A Cacharosa
EDAR Baio
Igrexa de S. Cristovo
O Campo do Rollo
Os Meixoeiros
A Piroga
Baio
O Balsiño
O Campo da Feira
O Rueiro
Su a Agra
A Telleira
As Lagoas
Dolmen da Pedra Vixia
Monte da Calabanda
Monte Toran
As Quintas
Fonte de Nosa Señora
Río de Baio
Centro Deportivo Baio
A Gandra de Bamiro
Campos Sucados
0 200 400 600m


Altitud (m)
400
300
200
100
0
0.9
1.8
2.7
3.6
4.5
5.4
6.3
7.2
8.1
Distancia (km)